



Regulamento para o evento deportivo A Carreira de Obstáculos “A Revolta Irmandiña”

Desde o momento da inscrición todos os participantes na proba aceptan e acatan este regulamento, e é a súa obriga coñecer todas e cada unha das regras que o compoñen. En caso de dúbida ante a interpretación de calquera das regras da proba, prevalecerá sempre o criterio da Organización.

DATA E LUGAR

“A Revolta Irmandiña” celebrarase o domingo 14 de xuño de 2025 na comarca de Monterrei (Ourense). É unha carreira de obstáculos que se desenvolve nas inmediacións do Parque A Pregoza en Verín e o Castelo de Monterrei no concello do mesmo nome, percorrendo a contorna próxima, incluíndo zonas fluviais, de montaña e asfalto.

Contará coas categorías

- Élite masculina
- Élite feminina
- Starter masculina
- Starter feminina
- Popular masculina larga
- Popular feminina larga
- Popular masculina curta
- Popular feminina curta
- Equipos

A proba é unha das consideradas carreiras de obstáculos ou OCR. O percorrido será circular con saída e chegada no Parque da Pregoza en Verín e será de aproximadamente 8,5 km (Percorrido longo para Élite, Starter e Popular) e de 5 km (Percorrido curto só para categoría Popular), haberá que sortear obstáculos ao longo do percorrido, e estará completamente sinalizado. A organización establecerá controis onde haberá persoal velando pola seguridade dos participantes. Será obrigatorio seguir as súas indicacións.

Os obstáculos deberán pasarse como indique o supervisor que se atope nel, nunca sorteándoos, en caso de non poder completalo deberá realizar a penalización que se lle indique polo xuíz, facelo doutra forma supón non optar aos premios establecidos e ser descalificado da proba.

No caso de discrepancia, prevalecerá a decisión do supervisor de cada obstáculo. Do mesmo xeito, as instrucións de cada obstáculo serán únicas da Revolta Irmandiña, non deberán ser necesariamente iguais ás normativas doutras carreiras similares.

PENALIZACIÓNS SEGUNDO A CATEGORÍA

- **ÉLITE:** Contarán cunha única pulseira que será entregada xunto cos dorsais. Será obrigatorio superar todos os obstáculos. Os atletas poderán facer tantos intentos como precisen. No caso de non superar algún obstáculo cortaráselle a pulseira e serán descalificados
- **STARTER.** Os atletas desta categoría comezarán a carreira con 5 pulseiras facilitadas pola organización e debidamente identificadas. Será obrigatorio realizar mínimo un intento para superar cada obstáculo. O número de intentos máximos dependerá do xuíz de cada obstáculo segundo a dificultade e situación da carreira. No caso de non superalo, cortarase unha pulseira. Cada pulseira cortada implicará unha penalización temporal de 5 minutos na cronometraxe final. Se o atleta chega á meta sen ningunha pulseira a penalización será de 60 minutos.
- **POPULAR.** A finalidade desta categoría é lúdica, polo que non se contemplan pulseiras. Será obrigatorio intentar mínimo unha vez superar cada obstáculo. De non conseguilo, os xuíces poderán indicar penalizacións de ata 10 burpees. A organización reservase o dereito de descalificación para aqueles atletas que non intenten superar os obstáculos coa finalidade de reducir o tempo da cronometraxe.

PARTICIPACIÓN

Pode participar calquera persoa de calquera nacionalidade que aceptase o descargo de responsabilidade anexo.

Para poder participar será necesario ter cumpridos os 16 anos no momento de celebración da proba e aceptar devandito regulamento á hora de formalizar a inscrición. Os menores de 18 anos deberán presentar unha autorización asinada pola súa nai/pai/titor (con DNI de ambos os 2) que se entregará na zona de recollida de dorsais.

Non se poderá participar en ningún caso baixo os efectos do alcol/drogas.

COMPROMISO CO MEDIO.

A organización de A Carreira de Obstáculos “A Revolta Irmandiña” comprométese a minimizar o impacto ambiental do evento e solicita a colaboración activa de todos os participantes para preservar a contorna natural onde se desenvolve a proba.

Está estritamente prohibido lanzar calquera tipo de residuo (envoltorios, botellas etc.) durante o percorrido. Todos os participantes deberán depositar os refugallos nos contedores habilitados pola organización, situados na zona de saída, meta e en puntos estratéxicos do percorrido.

A infracción desta norma poderá ser motivo de penalización ou descualificación.

Os participantes deberán respectar a flora, fauna e calquera elemento natural da área onde se desenvolve o evento. Queda terminantemente prohibido alterar ou danar os sinais e elementos do percorrido.

INSCRICIÓN E PREZO

A inscrición realizarase en liña a través da web sportmaniacs.com

Unha inscrición darase por realizada cando se efectuou o pago da cota de inscrición. O prezo das inscricións quedará establecido por tramos de datas.

27/01/26 – 23/04/26: 28€

23/04/26 – 26/05/26: 34€

26/05/26 – 8/06/26: 43€

O uso de chip será obrigatorio en todas as categorías. Será facilitado pola organización no momento da entrega do dorsal. Ao chegar á meta será obrigatorio devolvelo ao persoal da Revolta alí presente. **No caso de non entregalo, o corredor poderá ser descalificado e penalizado**

Para as inscricións de equipos é imprescindible que todos os participantes fagan constar **o mesmo nome de equipo** nas inscricións. Así mesmo, para optar ao premio, o equipo deberá de estar formado por **al menos 5 integrantes**.

Unha vez formalizada a inscrición, en ningún caso se procederá á devolución da cota abonada, salvo casos moi concretos, debidamente xustificados e que serán avaliados pola organización e recollidos na Política de Devolucións.

Cada inscrición é persoal e intransferible. A organización resérvase o dereito de emprender as accións legais oportunas se non se respecta este principio.

SEGUROS.

A organización dispoñerá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil e un seguro individual. Deste xeito, todos os participantes estarán cubertos pola póliza de seguro de accidentes contratada pola Organización.

RECOLLIDA DE CHIPS, DORSAIS E PULSEIRAS

Os horarios para a recollida de chips e dorsais serán os seguintes:

- Sábado, 13 de xuño: De 19:00h a 21:00h no Parque da Preguiza
- Domingo, 14 de xuño, dende as 08:30h no Parque da Preguiza

A organización reservase o dereito de ampliar estos horarios, sempre comunicandoo de xeito previo aos atletas a través das canles oficiais.

Será imprescindible presentar o DNI, ou calquera outro documento oficial que poida acreditar a identidade do corredor para recoller o seu dorsal.

É obrigatorio correr co chip, non se permite a participación sen o mesmo e deberá levarse durante toda a carreira. Este debe ser devolto á organización no momento no que o corredor cruza a liña de meta.

TROFEOS E PREMIOS

A entrega de premios realizarase nun lugar habilitado no mesmo recinto unha vez comprobados os tempos da carreira.

Os recoñecementos e premios serán os seguintes:

- Élite Feminina: Primeiras tres clasificadas. Trofeo e premio
- Élite Masculina: Primeiros tres clasificados. Trofeo e premio
- Starter Feminina: Primeiras tres clasificadas. Trofeo e premio
- Starter Masculina: Primeiros tres clasificados. Trofeo e premio
- Individual por equipos: Premio ao equipo máis rápido dentro do percorrido longo. Puntuarán os 5 atletas con menos tempo de finalización. Trofeo e premio.
- Popular individual feminina: Primeiras tres clasificadas. Diploma
- Popular individual masculina: Primeiros tres clasificados. Diploma

Os premios consistirán en produtos gastronómicos de proximidade, oferta de servizos e produtos turísticos da comarca, produtos promocionais, inscricións de balde...

XUÍCES E DESCUALIFICACIÓNS

Os xuíces terán a capacidade de descualificar a calquera atleta que presente signos de malestar físico que entrañe risco para a súa seguridade ou para o resto dos participantes, así como para o desenvolvemento da proba.

Os xuíces serán en última estancia os responsables da normativa de cada obstáculo. A súa decisión será a que prevalecerá ante algunha incidencia. Como se indicaba anteriormente, a normativa de cada obstáculo dentro da Revolta Irmandiña será exclusivamente desta competición podendo non ser igual á que establezan outras carreiras.

Motivos de descualificación:

- Recibir axuda (só se permite en quenda POPULAR)
- Non cumprir as normas que o xuíz nos indique na superación do obstáculo
- Non realizar estritamente o percorrido marcado pola organización
- Dificultar a marcha doutros atletas
- Calquera actitude antideportiva, de insulto ou increpación cara a outro corredor, xuíz, voluntario ou organización
- Non estar rexistrado correctamente ou participar baixo outra identidade
- Acceder á meta por calquera outro sitio distinto á liña de chegada
- Calquera outra circunstancia non prevista no presente regulamento pero que, a xuízo da organización, sexa considerada motivo de descualificación.

CONDICIÓN FÍSICA

Cada corredor participa baixo a súa responsabilidade, a organización declina toda responsabilidade polos danos e prexuízos que poida ocasionarlle participar na proba.

SERVIZOS E AVITUALLAMENTOS

- Duchas e baños
- Avituallamento líquido durante a carreira
- Avituallamento líquido e sólido na zona de meta

SUSPENSIÓN DA PROBA

A organización resérvase o dereito de variar o punto de saída ou de chegada, atrasar a hora da carreira, así como suspendela por causas alleas aos organizadores, comunicándoo na web e redes sociais oficiais do evento. A organización poderá suspender a proba se non chega a un mínimo de corredores.

USO DOS DATOS DOS PARTICIPANTES

A inscrición implica a autorización para o libre uso do nome, apelidos e foto dos participantes nos medios de comunicación en informacións relacionadas coa proba.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que a participación na proba implica o consentimento para a incorporación dos datos persoais facilitados ao ficheiro automatizado existente para os organizadores. A finalidade deste ficheiro é o tratamento para a xestión e desenvolvemento da mencionada proba.

Os atletas consenten tacitamente no momento da súa inscrición que as imaxes que se obteñan na carreira poderán ser utilizadas pola organización e polas empresas colaboradoras para fins de difusión e publicidade do evento e/ou produtos asociados ao mesmo.

RESPONSABILIDADE DOS PARTICIPANTES

É responsabilidade exclusiva do participante ser apto para a competición, é dicir, gozar dun nivel de saúde e preparación física, técnica e mental necesaria para afrontar unha proba deste tipo. A Organización estará exenta de calquera responsabilidade polos danos, prexuízos ou lesións que poida ocasionarse calquera participante.

Todo atleta que participe na proba acepta as normas sinaladas anteriormente no momento de formalizar a inscrición, prevalecendo o criterio da Organización en caso de dúbida.

ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

Mediante a inscrición en A Carreira de Obstáculos “A Revolta Irmandiña”, comprométome a cumprir a normativa que regula a proba así como as indicacións dos directores de carreira. Acepto este regulamento.

Por medio de:

- Afirmo e verifico que estou fisicamente preparado e suficientemente adestrado para esta competición e que pasei os recoñecementos médicos oportunos.
- Carezo de enfermidade algunha ou lesión que poida agravarse coa miña participación na devandita proba. Por iso, asisto por iniciativa propia a esta competición asumindo os posibles riscos e consecuencias derivadas da miña participación.
- Permito o libre uso do meu nome e calquera imaxe en calquera publicación ou medio de comunicación tomadas durante todo o evento, eximindo á organización, directores do evento, colaboradores, patrocinadores e voluntarios de calquera responsabilidade ou reclamación pola miña banda, incluíndo calquera prexuízo ou lesión directa ou indirecta.
- Asumo e comprométome a cumprir as normas e protocolos de seguridade establecidos pola Organización para a carreira, así como a manter un comportamento responsable que non aumente os riscos para a miña integridade física ou psíquica. Seguirei as instrucións e acatarei as decisións que tomen os integrantes da Organización polo ben da seguridade individual ou colectiva.
- Autorizo aos Servizos Médicos da proba a que me practiquen asistencia sanitaria necesaria, aínda que non fose solicitada. No caso de que os Servizos Médicos me indiquen que abandone a proba por existir risco para a miña saúde, comprométome a acatar a recomendación dos expertos sanitarios.